



PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARA O FORNEZO DUNHA PLATAFORMA ELEVADORA REMOLCABLE PARA Os SERVIZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)

1. OBXECTO

O presente pliego de condicións técnicas pretende regular a adquisición por parte do Concello de Tui, dunha plataforma elevadora remolcable de acordo ás características técnicas recolleitas no mesmo.


2. CONDICIÓN XERAIS

Non se establecen lotes, polo que as empresas licitadoras propoñerán unha solución conxunta. A plataforma elevadora ha de ser totalmente nova e ten que cumprir a normativa en vigor que lle sexa de aplicación.

3. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Características estruturais:

- Plataforma elevadora das seguintes características:
 - o Altura de traballo de 12,20m.
 - o Altura de plataforma 10,20 m.
 - o Lonxitude maquina 4,50m.
 - o Anchura recollida 1,10m.
 - o Anchura de traballo 3,55m
 - o Anchura de transporte 1,55m.
 - o Alcance horizontal 6.10 m.
 - o Peso 1.400 Kg.
 - o Capacidade 200 Kg
 - o Enerxia 220 V
- Brazo telescópico superior.
- Completamente hidráulica.
- Estabilizadores sensibles a presión.
- Estabilizadores hidráulicos.
- Válvulas de seguridade y alarma sonora.
- Dobres mandos (cesta y base).
- Sistema de descenso de emerxencia.
- Sistema de freado completo.
- Dobres puntos de suxección en cesta.
- Xiro de plataforma de 360°.
- Certificado CE.
- Documentación para matricular.
- Kit luces para el transporte.
- Toma de corrente cesta.
- Sistema auxiliar externo para el desprazamento.
- Rotulada co Escudo do Excmo. Concello de Tui en ambos laterais.





4. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN

O importe que servirá de base para a licitación establécese en 22.060,00 €(VINTE DOUS MIL SESENTA EUROS), máis 4.632,60 €(CATRO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS CON SESENTA CÉNTIMOS) en concepto de IVA, resultando un importe total 26.692,60 €(VINTE SEIS MIL SEISCENTOS NOVENTA E DOUS CON SESENTA CÉNTIMOS).

5. PRAZO DE ENTREGA

O prazo de entrega para o fornezo será de 12 semanas a partir da firma do contrato.

6 . LUGAR E CONDICIÓNS DE ENTREGA

O fornezo da plataforma elevadora deberá ser entregado disposta para o seu uso, rotulada e matriculada, sendo a cargo do adjudicatario os gastos xerados pola matriculación, transporte, obtención de tarxeta de transporte, ITV(si precisácese), rotulación, a excepción do seguro reglamentario.

A documentación que deba aportar o Concello de Tui para cumprir cos requisitos arriba indicados, será entregada a petición do adjudicatario pola Unidade de Contratación a partir do mesmo día da adjudicación.

Igualmente, os rótulos que deban aplicarse ao fornezo, serán proporcionados en formato digital polo Departamento de Informática, a petición do adjudicatario.

A entrega do fornezo non implicará a certificación da recepción e aceptación do mesmo si non cumpre cos requisitos.

Un responsable da empresa adjudicataria asinará conjuntamente co responsable designado polo Concello a acta de recepción, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos esixidos no pliego de condicións, momento no que se dará por recepcionado o equipo.

7 . GARANTÍAS

Dadas as características do contrato a realizar, o prazo de garantías será de dous anos dende a data de remate do contrato (art. 102 do TRLCSP e 123 do Real Decreto Lexislativo 1/2007, do 16 de Novembro).

8 . DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Documentación de legalización e homologación do equipo, incluíndo a de todos os seus compoñentes cando poidan ser considerados unidades independentes ou así o precisen. O fornezo entregarase coa seguinte documentación, en papel e en formato digital:

Manual de funcionamento e mantemento do equipo. Esta documentación incluírá como mínimo os planos hidráulicos, eléctricos, despieces, información xeral achega do funcionamento e mantemento do equipo ofertado.



9 . FORMACIÓN DO PERSOAL

Incluirase dentro do alcance do fornecemento deste pliego un curso de formación en uso e manexo da plataforma elevadora remolcable, para os operarios municipais que farán uso da mesma. Dita formación realizarase polo persoal cualificado da mesma empresa suministradora, unha vez recepcionado o equipo e na dependencia municipal que se determine para ese efecto.

10 . NORMATIVA APLICABLE EN MATERIA DE SEGURIDADE E MEDIOAMBIENTE

En xeral o equipo cumprirá todas as lexislacións en materia de seguridade que sexa da súa aplicación.

Igualmente o equipo ofertado cumprirá toda a lexislación ambiental vigente, en especial a referente a límites de emisións sonoras.

Tui, xullo de 2013

Fdo. Xosé M^a Melero Glez.
Aparellador Municipal.